

## GRUPO DE TRABAJO

Onte, día 17 de febreiro, tivemos, a primeira das reunións previstas entre as Organizacións Sindicais e a Dirección Xeral de Xustiza para a implantación da " Nova Oficina Xudicial en Galicia, escomenzando polo Decreto polo que se constitúen unidades técnico – administrativas nos edificios xudiciais e de apoios a presidencias de tribunais e decanatos dos xulgados ", que son aquelas que sin estar integradas na oficina xudicial, adicárase a ordeación e xestión de recursos humanos medios informáticos, novas tecnoloxias e demais medios materiais.

Para que vos sirva de exemplo do nivel de avance das negociacións, decírvos que acadamos a falar do artigo 5, dos 13 dos que se compón o referido decreto. A conclusión a extraer deixámola nas vosas mans.

O resultado, tendo en conta o pouco que se avanzou, en síntese non foi outro que o de cambiar algunha que outra palabra.

O vindeiro 25 de febreiro as 10:30 horas quedamos convocados para un novo grupo de traballo, do que recibiredes cumprida información.

### RPT UNIDADES TÉCNICO - ADMINISTRATIVAS

**Dende UGT amosamos o noso desacordo** ca forma en que se están a levar a negociacións, volvemos reiterar que **non hai presa por levar a cabo esta reforma e recalcamos a necesidade de que se entregara a documentación que xa pediu en anteriores mesas, así como que no se debe publicar ningunha resolución ata que este negociado todo.**

Para o seu análise, e alegacións déusenos traslado, no mesmo acto, dun extenso documento sobre as RPT's das devanditas unidades técnico administrativas. UGT manifestou que este tipo de documentación se ten que remitir con carácter previo as mesa de traballo para poder ser estudada e analizada.

Do desenrolo das negociacións neste eido, teredes oportuna información.

### CONCURSO DE TRASLADOS.

Pola Dirección Xeral manifestóusenos a intención de incluír no concurso de traslados cuxa convocatoria está prevista para o vindeiro mes de marzo, as prazas de carácter estrutural, hoxe ocupadas por reforzos, que no grupo de traballo de 11 de febreiro, se comprometeu a crear. **UGT, nas alegacións a Resolución de ampliación de prazas en determinados Xulgados, xa trasladou cales serían aquelas prazas que debían crear, que ascenden a un total de 42,** tendo en conta o mesmo criterio aplicado e manifestado polo Ministerio, que lle fixemos chegar a Xunta, consiste en crear as prazas de aqueles reforzos que leven máis de dous anos e criterio manifestado polo DX no senso de que moitos reforzos son consecuencia da crise.

Os criterios mencionados como xa manifestamos nas alegacións é un punto de partida pero no debe ser o único, xa que hai reforzos que no teñen tanta duración e que non obedecen a crise, senón que consecuencia das modificacións legislativas.

### INTERINOS

Hoxe día 18 de febreiro, a Dirección Xeral fíxonos chegar os listados das reclamacións admitidas, coas correspondentes puntuacións.

Nos vindeiros días, publicáranse no D.O.G. o anuncio de inclusión nos listados de admitidos ás persoas que resultaron excluídas na lista anterior, abríndose un prazo comprendido entre os días 22 de febreiro a 2 de marzo para formular reclamacións ao respecto da puntuación outorgada.

Temos á vosa disposición os modelos para impugnar a puntuación

UGT

*Moito mais que dicir*

- Galicia: Miguel Ferro Caaveiro, 12-2ª; 15707 Santiago – [www.fspugtg Galicia.org/justicia](http://www.fspugtg Galicia.org/justicia) - Correo E: [ugt.galicia@justicia.es](mailto:ugt.galicia@justicia.es).
- Coruña: Sergio y Pedro: 981185204. Correo E: [ugt.galicia@justicia.es](mailto:ugt.galicia@justicia.es). Santiago: Jesús 654 741319 [ugt.santiago@justicia.es](mailto:ugt.santiago@justicia.es).
- Lugo: Jesús 661221791 y Carlos Correo E: [ugt.lugo@justicia.es](mailto:ugt.lugo@justicia.es).
- Ourense: Teo 636408671 [ugt.ourense@justicia.es](mailto:ugt.ourense@justicia.es), Faustino 626186859
- Pontevedra: Manuel 605081897 y Roberto [ugt.pontevedra@justicia.es](mailto:ugt.pontevedra@justicia.es) Vigo: Roberto 616833081 [ugt.vigo@justicia.es](mailto:ugt.vigo@justicia.es).